XUNTA ELECTORAL DE GALICIA

Asunto: Acordo da Xunta Electoral de Galicia, do 8 de febreiro de 2024, polo que se resolve a denuncia de D. Cesar Pena Leira, por un presunto incumprimento do disposto no artigo 66.2 da LOREX (doc. RE 448/2024).

A Xunta Electoral de Galicia, á vista dos seguintes

ANTECEDENTES

1. O 7 de febreiro de 2024, a Xunta Electoral Provincial da Coruña remitiu a esta xunta electoral escrito de denuncia de don César Pena Leira por un presunto incumprimento do disposto no artigo 66 da Lei Orgánica 5/1985, de 19 de xuño, do Réxime Electoral Xeral (LOREX) (doc. RE 448/2024).

   No seu escrito de denuncia pon en coñecemento da xunta electoral "*o posible non respecto ao principio de pluralismo político e igualdade (...) por parte de Radio Televisión Ferrol, S.L.*".

2. O 8 de febreiro de 2024, reunida a Xunta Electoral de Galicia, tomou coñecemento do contido do devandito escrito.

FUNDAMENTO XURÍDICO

Examinado o acordo da Xunta Electoral Provincial da Coruña remitido, o artigo 66 da LOREX e a Instrución 4/2011, do 24 de marzo, da *Junta Electoral Central*, de interpretación do artigo 66 da LOREX, no relativo ás garantías de respecto aos principios de pluralismo, igualdade, proporcionalidade e neutralidade informativa polos medios de comunicación en período electoral, procede declarar a inadmisión da denuncia achegada, ao carecer o denunciante da condición de lexitimado consonte ao apartado oitavo e ao parágrafo segundo do apartado sexto da Instrución 4/2011 da *Junta Electoral Central*, que limita esta lexitimación aos "*representantes generales o de las candidaturas acreditados ante la Junta Electoral competente*".

En consecuencia,

ACORDA

A inadmisión da denuncia.

En execución do presente acordo, e para o cumprimento do disposto no art. 21.2 LOREX, desenvolvido pola Instrución da Xunta Electoral Central 11/2007, do 27 de setembro, comunícolle que contra el poderá interpoñer recurso de alzada ante a Xunta Electoral Central, que deberá presentarse ante esta Xunta Electoral de Galicia, para o seu informe, antes das 10:00 horas do próximo día 13 de febreiro de 2024.

O recurso poderá presentarse por correo electrónico no seguinte enderezo: xunta.electoral.galicia@parlamentodegalicia.gal